

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRINTA E UN DE MARZO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
Escusa asistencia D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
  
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día trinta e un de marzo de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezasete de marzo do ano que andamos, que despois das seguintes correccións, apróbase por unanimidade dos asistentes:

\*No punto 4º de aprobación de facturas, retírase a nº 6 de Miguel Camino, aprobada por erro, e modifícanse os importes dos gastos da viaxe a Bos Aires, onde di "597,59" debe dicir "724,59" euros, e a de dona Eva M<sup>a</sup> Martínez Abastida por redacción do proxecto de acondicionamento e ampliación do local social de San Pedro de Sarandón, incluído no FEIL, onde di "980,20", debe dicir "7.312,66" euros

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 444/09 de don Manuel Alvela Vigo**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a instalación de fosa séptica prefabricada na parcela da vivenda unifamiliar, sita en Tomonde nº 48, emprazada en solo de núcleo rural (N1)



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: emprazarse a unha distancia maior de 3 mts dos colindantes e a unha distancia maior de 9 mts do eixe do vial; gardará unha distancia maior de 20 mts de calquera pozo de abastecemento; o sistema garantizará o seu tratamento para a súa posterior decantación e filtración ó terreo por gábeas filtrantes; deberase contar previamente ás obras coa preceptiva autorización de Augas de Galicia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e catro euros con noventa céntimos (#24,90#)

## 2.2.- Instancia nº 107/09 de dona Fe Folgueira Abuín

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construción dun pecha na parcela , con muro de pedra e arame dunha lonxitude aproximada de 23 mts na fronte do vial, e valado diáfano con postes e arame no resto cunha lonxitude aproximada de 60 mts, no lugar de Picón, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2).

Dáse conta asimismo da autorización da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte da Coruña

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: o peche situarase a 6,00 mts de distancia do eixe do vial municipal; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do PXOM, a altura máxima do zócalo opaco será de 1,00 mts . Ademais e segundo o informe favorable da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico da Coruña o peche completarase coa prantación de especies vexetais autóctonas e segundo o PXOM cos elementos vexetais acadarase unha altura máxima total de 1,80 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte euros con vinte e oito céntimos (#20,28#).

## 2.3.- Instancia nº 402/09 de ESA ULLA SALNÉS S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel D. Fontela Rios, en nome e representación de E.S.A Ulla - Salnés, S.L, con domicilio en Rozadela, solicita licenza para a conservación e mantemento de nave existente , situada en Rozadela en solo rústico de especial protección agropecuaria (Ordenanza R-2), segundo memoria que se achega redactada por don Manuel Becerra Castro

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán a elementos estruturais e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentas dos faldrons; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do

medio rural de Galicia os materiais e cores a utilizar en paramentos e cubertas procurarán a integración no contorno inmediato. Ademais en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos vinte e un euros (#1.521,00#).

#### 2.4.- Instancia nº 456/09 de don Manuel Martínez González

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento, con base e pedra, postes e arame, de aproximadamente 160 mts de lonxitude, no lugar de Trasariz, en solo de núcleo rural (N1) e solo de especial protección agropecuaria (R2) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Deberase recuar 5 mts respecto do eixe do vial no tramo emprazado en N1 e 6 en R2; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts , podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (#159,55#)

#### 2.5.- Instancia num.2.086/09 de don José Carlos Gestoso Vázquez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación parcial da súa vivenda, situada en Caxaraville nº 5, en solo de núcleo rural (N-3 de fincas singulares), de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 65.500 euros

Dáse conta asimesmo da resolución favorable do trámite de excepcionalidade do Decreto 262/2007 (normas do hábitat galego) emitida pola Consellería de Vivenda e Solo (exp. EHT AC-62/08)

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate

Antes do comezo das obras deberá presentar o oficio de dirección de arquitecto técnico ou aparellador e nomeamento do coordinador de seguridade, visados polos colexios profesionais correspondentes

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a cor da carpintería exterior de aluminio axustarase ás tradicionais da zona; deberase colocar un rótulo

indicador no que se fagan constar os datos do propietario, dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data e número de expediente de licenza, prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas; ademais axustarase ó modelo aprobado polo concello.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquiación provisional, á cantidade de mil trescentos dez euros (#1.310,00#)

#### 2.6.- Instancia núm. 310/09 de dona Margarita Nieto Castro.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio para efectos de notificacións no número 21 do lugar de Laraño (San Xíán de Sales), expón que con data 28 de decembro de 2004 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Calzande (San Xíán de Sales), (licenza número 159/04), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,00#) euros, que deberá ser ingresada nas arcas municipais, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún.


#### 2.7.- Instancia nº 2.083/09 de dona Isabel Ares Betetos

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cubelas, en solo de expansión dos núcleos rurais (N2), de acordo co proxecto técnico presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 146.500,00 euros, que cumpre o disposto no Decreto 262/2007 (NHG) e coas disposicións do PXOM

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado no concello coas modificacións visadas o 11/12/2008 e antes do comezo das obras deberá achegar oficio de dirección visado de arquitecto técnico ou aparellador e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde; a cor a utilizar nas fachadas será branco ou en tonos suaves de acordo co entorno rural e a pedra será da zona; a cor da carpintería exterior axustarase ás tradicionais da zona; a licenza de primeira ocupación está condicionada ó correcto funcionamento dos sistemas de abastecemento, eliminación e reutilización das augas residuais, debendo contar coa preceptiva autorización de Augas de Galicia; a fosa séptica deberá situarse a máis de 20,00 mm de calquera pozo de abastecemento de auga; deberá colocar un rótulo indicador no que se fagan constar os datos do propietario; técnicos directores e contratista; ordenanza de aplicación; destino da construción; data e número de expediente de licenza; prazo de execución das obras e número de plantas autorizadas. Este rótulo axustarase ó modelo aprobado polo Concello



2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento as taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil novecentos noventa (#2.990,00#) euros

2.8.- Instancia nº 349/09 de dona M<sup>a</sup>. Teresa Cutrín Midón

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, expón que no ano 2007 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para obras de rehabilitación da súa vivenda (60/07), situada en Nande 31- San Fins de Sales, para as que solicitara subvención á Xunta de Galicia, e dado que a subvención lle foi denegada solicita a anulación da licenza concedida e a devolución do imposto pagado.

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

**3º.- Acordo, se procede, sobre licenza de actividade para ampliación de explotación porcina en Nande-San Fins de Sales**

Examinado o expediente promovido por don Manuel Cutrín Rial en representación de EXPLOTACIONES PORCINAS CUTRÍN, S.C., segundo a súa solicitude núm. 42 de data 14 de xaneiro de 2009, para licenza de actividade para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN PORCINA no lugar de Nande (San Fins de Sales), sometida ó disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental (DOG núm. 126, do 1 de xullo).

Tendo en conta que con data 26 de febreiro de 2009 se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ó público por un período de vinte días, téndose publicado o edicto de exposición no DOG número 36 de data 20/02/2009 e no BOP núm. 33 de data 10/02/2009, e téndose practicado notificación persoal ós veciños inmediatos ó lugar previsto de emprazamento da actividade; que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións ó expediente.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Informar favorablemente a solicitude que se tramita a instancia de don Manuel Cutrín Rial en representación de EXPLOTACIONES PORCINAS CUTRÍN, S.C., en relación coa licenza da actividade de EXPLOTACIÓN PORCINA (AMPLIACIÓN) no lugar de Nande (San Fins de Sales), e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas.

2º.- Suspender o transcurso do prazo máximo para resolver durante o período que medie entre a remisión do expediente ó órgano ambiental competente e a comunicación ó concello da emisión do preceptivo dictame de incidencia ambiental.



3º.- Dar traslado do expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, para os efectos previstos no Decreto 133/2008, do 12 de xuño.

4º.- Ratificación, se procede, de Resolución da Alcaldía sobre adxudicación provisional obras do FEIL

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e seis de marzo do ano que andamos, que di o seguinte:

“Con data seis de marzo do ano que andamos por Resolución da Alcaldía acordouse aprobar o proxecto da obra Construcción de edificación multiusos no campo da festa de San Andrés de Trobe e o pliego de cláusulas económico-administrativas para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da citada obra

Solicitadas ofertas ás empresas CONSTRUMOVIL GALLEGA, S.L; NORTYESO, S.L E XERUSTRO, S.L, só presentou oferta a primeira delas, declinando a invitación a presentar ofertas as dúas últimas debido á falta de medios suficientes para afrontar a mesma, polo que

Debido a urxencia do asunto e sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno

RESOLVÍN:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a citada obra a CONSTRUMOVIL GALLEGA, S.L con CIF B-70161229 e domicilio social na Avenida do M. M. Gómez Lorenzo, 30 baixo D (VEDRA) , ó ser a única oferta presentada e empresa competente.

Segundo.- O importe da adxudicación ascende á cantidade de cento trinta e nove mil catrocentos sete euros con setenta e oito céntimos (#139.407,78#) máis vinte e dous mil trescentos cinco euros con vinte e catro céntimos (#22.305,24#) de IVE.

Terceiro.- Notificar e requirir a citada empresa para que presente, no prazo máximo de 5 días hábiles dende a publicación do presente acordo no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como resguardo da garantía definitiva

Cuarto O prazo de execución da citada obra é de SEIS MESES e a empresa adxudicataria ocupará na realización da obra a 6 persoas: 4 integradas na empresa e 2 de nova contratación

Quinto- De de non existir reclamacións á citada adxudicación elevarase a definitiva.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución

5º.- Dar conta de Resolucóns da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaioito de marzo do ano que andamos, pola que se autoriza o corte de tráfico nas vía de titularidade municipal en San Fins o día 3 de maio con motivo da celebración da XXII Festa da



Orella, entre as 12 e as 21 horas, dende o cruce coa pista que da acceso a Texo ata o cruce coa pista de Nande

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de marzo do ano que andamos, pola que en función das puntuacións obtidas no proceso selectivo para a contratación dun limpador/a de locais públicos, acórdase que continúe dona M<sup>a</sup>. Carmen Pérez Torres

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data vinte e tres de marzo polas que se aproba o plan de seguridade e saúde das obras Saneamento en Reboredo -Ponte Ulla e Abastecemento de Merín, incluídas no FEIL e adxudicadas á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de marzo do ano que andamos, pola que unha vez aprobada a táboa de copagamento dos usuarios do servizo de axuda no fogar establécese o custo da hora para o exercicio 2009 en 12,00 euros, de luns a venres, e de 14,00 euros os sábados, domingos e festivos

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de marzo do ano que andamos, pola que logo de aprobada a táboa de copagamento dos usuarios do servizo de axuda no fogar acórdase modificar a achega económica dos usuarios do citado servizo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.6.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data vinte e catro de marzo do ano que andamos, pola que se aproba o cadro de características das obras do POS 2009.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e cinco de marzo do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha subvención ó MAP para o acondicionamiento de Museo Modesto Paz Camps e Ludoteca de Vedra ó abeiro do Real Decreto 1263/2005, de 21 de outubro, polo que se modifica o R.D. 835/2003, polo que se regula a cooperación económica do Estado ós investimentos das entidades locais

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.8.- Dáse conta das Resolucións da Alcaldía de data vinte e seis de marzo, polas que se acorda elevar a definitiva a adxudicación provisional das obras Saneamento en Socastro; Centro de Interpretación en Vedra; Acondicionamiento da Casa di Frrocarril de Santa Cruz de Ribadulla e Locales de exposición y graderios en el campo de la fiesta de San Miguel de Sarandón

A Xunta de Goberno dáse por enterada



## 6°.- Outros asuntos

### 6.1.- Parcelación e agrupación en Vedra.

Dáse conta do proxecto redactado polo arquitecto Fermín González Blanco, para proceder á parcelación e posterior agrupación de parcelas que conforman o ámbito definido polo vixente PXOM deste concello como "Dotacional SX-AS-3 e AS-2" que se está a desenvolver mediante a tramitación dun Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións, e ubicadas en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo rústico de especial protección forestal (R3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concede-la licenza para parcelación e posterior agrupación en dúas fincas descritas no proxecto mencionado, sitas na parroquia de Vedra, e nos termos do mencionado proxecto presentado.

### 6.2.- Contrato marketing Concello de Vedra

Dáse conta do contrato de marketing asinado entre o concello e Editorial Compostela para o desenvolvemento dunha campaña en prensa nos diferentes medios de comunicación do Grupo Correo Gallego consistente en publicidade El Correo Gallego (90 módulos) e publicidade en Terras de Santiago (110 módulos), sendo o orzamento da citada campaña de cinco mil cento setenta e seis euros con cincuenta céntimos (#5.176,50#), a pagar en dez facturas mensuais de cincocentos dezasete euros con sesenta e cinco céntimos (#517,65#)

A Xunta de Goberno dáse por enterada

### 6.3.- Escrito nº 447 da don Enrique Vázquez Martínez

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, en calidade de colaborador, expón que o vindeiro 10 de maio celebrarase a Festa da Augardente , polo que solicita unha axuda económica para os gastos derivados da organización

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de setecentos cincuenta (#750,00#) euros, debendo presentar gastos por un importe superior ó dobre da cantidade concedida para o cobro da mesma

6.4.- Convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

Dáse conta do Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e as Entidades Xestoras dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX, s) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), que pretende establecer os mecanismos para levar a cabo unha xestión axeitada dos aparellos vellos de lavadoras, frigoríficos, televisións, máquinas esgotadas, todos eles coñecidos como RAEE, s e determinar, entre outras obrigas a contía e forma na que os responsables destes residuos, os Sistemas Integrados de Xestión, van pagar ós concellos os custos que estes soportan pola recollida deles, e van dotar de colectores axeitados para o seu almacenamento

A Xunta de Goberno acorda adherirse ó citado convenio marco

### 6.5.- Escrito nº 443/09 da Asociación Ruta do Viño Rías Baixas





Dáse conta do citado escrito no que don José Ramón Meiriño González como Presidente da Asociación Ruta do Viño Rías Baixas, expón que a citada asociación ten dende o 2005 a marca Rutas del Vino de España que é un produto enoturístico de calidade a nivel do Estado promovido por ACEVIN, co apoio da Secretaria do Estado de Turismo e o Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, que pretende non só a promoción e difusión dos viños e adegas en mercados nacionais e do estranxeiro, senón tamén a posibilidade de dar a coñecer o patrimonio cultural, a gastronomía , a paisaxe e en xeral a cultura da zona

A Xunta de Goberno acorda adherirse á citada asociación e designar ó Sr. Alcalde como representante do concello na mesma, comprometéndose a aboar a cota anual de socio, fixada en 1.200 euros o primeiro ano e 600 euros a partir do segundo

6.6.- Solicitud de subvención para actividades de alfabetización e formación de adultos

Dáse conta da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria , do 27 de febreiro de 2009, convocada para a realización de actividades de alfabetización e formación de adultos na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 (DOG nº 47/09, do 9 de marzo).

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda segundo memoria elaborada ó efecto

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos

